

# Gris

Gris,  
marxinado das cores,  
incomprendido.

Gris  
das nubes feas e tristes  
que apagan os días.

Gris,  
un negro estragado  
ao borde da inconsciencia.

Grises os ollos  
da muller que labra a terra,  
e co esforzo que a esnaquiza:  
descolorida.

Gris,  
mala sorna e curto nome  
que invita a esquecer.

Grises eran os cabelos  
do home que coas mans de vello  
e a infancia xa perdida,  
trala guerra e trala espiga,  
morre.

Gris,  
é inxusto que te quedes,  
menos xusto é que vivas  
quitar peixe aos mariños,  
para arrancar historias alegres  
de agora duras vidas.

Gris,  
marcha xa, á presa,  
cando o verde campo escureza,  
cando o sol dourado teña sono  
cando os soños non teñan  
presenza.

Marcharás cando me vaia,  
cando o vermello sangue se  
arrefría,  
cando invada o lume a maleza,  
cando teñas invadido montes, ríos,  
selvas...  
cando acabes tal tarefa.

Gris,  
nin branco nin negro,  
só gris.

# Sempre escribín mal

Sempre me dixeron que escribía mal,  
será o papel -pensaba-  
que a cada liña que cambio lle sae  
unha engurra máis grande cá anterior,  
e eu, volta a empezar.

Sempre me dixeron que escribía mal,  
serán os enes -dicía-  
que canto máis acelero a escritura  
máis se parecen aos us  
e menos aos montes.

Xa sei! Será a tinta da pluma  
que de tantas ideas plasmadas sobre  
unha folla estragada  
estará a quedar sen folgos.

E cambiei as follas,  
e cambiei a pluma,  
e cambiei os us, os enes e canta letra  
houbese.  
E por moito que fixen  
seguiron a dicirme que escribía mal.

Pregunteille aos poemas de meu  
cal era o punto en que eu tanto  
erraba,  
serían verbas demasiado claras  
para mentes de pouca luz.

Escribo mal, logo,  
escribo mal polas palabras,  
polo ceibes que se atopan,  
sen disciplina á coroa  
da poesía domesticada.

Escribo mal,  
non rimo como debería nin fago uso de  
ilustres cultismos.

Escribo mal porque si,  
porque podo e me peta,  
coma quen di,  
porque son capaz.  
E non é o papel, nin a pluma, nin os enes,  
escribo mal porque non che gusta.

Escribo mal se ti dis que o fago,  
se toco o tema prohibido  
e non quero sorrir todo o día.  
Escribo mal,  
sempre mo dixeron.

Non escribo sobre flores e paxaros  
nin sobre o primeiro amor  
nin son quen de tratar a arte,  
pero escribo.

Folla, pluma,  
compañeiras de batalla,  
non son digna contrincante  
para tan cruel desafío?

Impoñédeme un castigo,  
vós sabedes o que escribo?